

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de novembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar as licenzas urbanísticas: para construción de alpendre para a guarda de aperos de labranza no lugar de leira do toxo, parroquia de Santa María Alta (exp: 342/2018). e para a demolición total de dúas edificacións en Ronda da Muralla números 37 e 38 (exp: 2022/Y001/000302).

Tamén se corda a declaración de caducidade por causa de incumprimento dos prazos, da licenza urbanística 352/2012, outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de febreiro de 2012, para a realización de obras na edificación sita na Ronda da Muralla, número 84, (2023/Y008/000008).

**2. XESTIÓN URBANÍSTICA.-** Acórdase o pago do prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por Ministerio de lei da parcela, sita na rúa Amizade”, expediente número 1015/2022 do xurado de expropiación de Galicia.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. renuncia á licenza urbanística, procedemento 2020/Y001/000211, outorgada para construír unha balsa de purín con cuberta, no lugar de Aldea de Abaixo número 8 -Rubiás.

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para construción dunha instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, en réxime desatendido, con tres surtidores que contan cada un con dous dispensadores para gasóleo e dous para gasolina 95, na rúa do Arco, esquina estrada N-VI.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac8424300498725369119.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-11-2023

**4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase 4ª prorroga dende o 03/10/2023 ata o 02/10/2024 como máximo ou ben ata a entrada en vigor do novo contrato administrativo de seguridade nos centros na contratación do servizo de vixilancia no CEI-Nodus-Espazo>Lab (lote 2). (exp. ref. 7-2018) (tecol 2020/C003/000050).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra acto da mesa de contratación de exclusión do procedemento na contratación da adquisición dun sistema de xestión policial integral para utilización da policía local dentro da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (Edusi) exp ref. 2023/c004/000027. Tamén se acorda a adxudicación da contratación do servizo de mediación e asesoramento de seguros. expte. ref. 2023/C003/000030.

**5. FOMENTO.-** Acórdase aprobar o Convenio Lugo Monumental. Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e Caixabank para a celebración da carreira Lugo Monumental 2023.

**6. PERSOAL.-** Acórdase a resolución convocatoria pública da cobertura, en comisión de servizos de 7 postos de policía local do Excmo. Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase a adscripción temporal por motivos de saúde ao posto de celador de deportes.

### Fóra da orde do día

- Acórdase adiar para un mellor estudo a modificación ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Subministración dunha estrutura modular que conforme unhas piscinas flotantes para o seu uso en futura area de baño municipal”

- Contratación do servizo de control de estorniños. Aprobación do prego técnico e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2023/C003/000034.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**